


Ciclo de cine infantil

A ESTRELA DE LAURA



ORGANIZA



concellería
de igualdade
concello de vigo



Consello Municipal
da Muller

Ano: 2004

Duración: 80 minutos

Dirección: Piet de Rycker e Thilo Rothkirch

País: Alemaña

Xénero: infantil, animación, fantástico

- Premio do cine animado *Animadrid* en 2005, categoría: "Mellor longametraxe"
- Premio do cine alemán *Deutscher Filmpreis* en 2005, categoría: "Mellor longametraxe para a xuventude".

SINOPSE: Laura é una nena de sete anos que xunto coa súa familia se muda á cidade deixando a súa casa no campo. Na cidade sentese perdida pois é difícil para ela facer novas amizades nunha cidade tan grande. Unha noite chea de maxia, Laura descobre una radiante estrela que cae do ceo. Laura rescátala e a cambio a estrela, que posúe poderes especiais, alegra a vida de Laura e comeza unha marabillosa amizade entre elas. Pero a estrela necesita estar de volta ao ceo para sobrevivir e Laura, xunto co seu irmán Tommy, o seu veciño Max e o gato-robot voador axudarán a pequena estrela a regresar ao ceo.

Sábado, 19 de marzo ás 17:30 h. Dirixida a público infantil. Idioma: castelán


Lugar: Verbum-Casa das Palabras. Avda. de Samil,17

A entrada é de balde e libre ata completar o aforo.

Organiza: Concellería de Igualdade e Consello Municipal da Muller

Colabora: Verbum-Casa das Palabras

MULAN



Ano: 1998

Duración: 88 minutos

Dirección: Barry Cook e Tony Bancroft

País: Estados Unidos

Xénero: infantil, animación, aventuras, acción, musical, cine épico

- 10 premios Annie, incluíndo o de mellor película, dirección e guión
- 2 nominacións aos Globos de Ouro en 1998 por mellor BSO, mellor canción orixinal

SINOPSE:

Mulan é unha moza chinesa, filla única da familia Fa, que se esforza por entrar no exército imperial para evitar que o seu ancián pai sexa chamado á guerra para defender o Emperador do acoso dos Hunos. Cando o emisario imperial ordena que os varóns de todas as familias se alistan ás súas tropas, Mulan farase pasar por soldado e someterase a un duro adestramento, ata facerse merecer a estima e confianza do resto do escuadrón. O pequeno dragón Mushu e o grilo Cri-kee acompañarana nesta aventura.

Sábado, 26 de marzo ás 17:30 h. Dirixida a público infantil. Idioma: castelán

Lugar: Verbum-Casa das Palabras. Avda. de Samil,17

A entrada é de balde e libre ata completar o aforo.

Organiza: Concellería de Igualdade e Consello Municipal da Muller

Colabora: Verbum-Casa das Palabras